concello de Muros

(a coruña - galicia)



HISTORIA PATRIMONIO NATUREZA e MAR

Visita guiada polo conxunto histórico da Vila de Muros



Declarada Conxunto histórico en 1970, foi fundada polo rei Sancho IV o Bravo no século XIII.

Chegou aos nosos días conservando o seu entramado medieval case intacto, que se caracteriza por un sen fin de canellóns estreitos, algúns deles sen saída, que lle outorgan esa imaxe de labirinto que no seu día cumpriu unha función defensiva.



A tipoloxía de vivenda muradá está composta por un baixo aportalado en arco apuntado ou de medio punto que en ocasións queda por debaixo do nivel das rúas e un ou dous pisos onde resalta a presenza de consistentes balcóns corridos con balaustrada de ferro forxado, soportados por grandes ménsulas de cantería. Na actualidade estes baixos fan a función de paseo cuberto.

Todos estes edificios combínanse ao longo das rúas con outras edificacións máis actuais onde o movemento modernista deixou a súa pegada, e con casas antigas ás que se incorporaron galerías, seguindo a moda de finais do século XIX.

Tamén atoparemos toda unha serie de capelas espalladas polo casco antigo, a maioría de fundación privada, e que foron construídas na súa totalidade durante os séculos XVII e XVIII.

A igrexa parroquial, Santa María do Campo (actual igrexa parroquial de San Pedro de Muros) ten a súa orixe no século XII, pero dela só se conserva a portada principal. Na actualidade obsérvanse diversos estilos froito das remodelacións que sufriu ao longo do tempo. Así apréciánse partes barrocas na torre e no pórtico realizadas no século XVIII grazas ao gremio do mar. Pero o estilo que predomina é o chamado gótico "mariñeiro" datado no século XV.

Visita ao Muíño de Mareas

Falamos dun antigo muíño de mareas construído ao carón do río Valdexería na segunda década so século XIX, sendo o máis grande de Galicia e un dos máis importantes de Europa.

A finais dese mesmo século, construíuse o edificio anexo dedicado primeiro a serradoiro e pasando a ser no 1914 unha casa de baños, coñecida como os "Baños de Santa Rita", especializada na curación de enfermidades de tipo reumático con auga do mar e algas mariñas

Entre os anos cincuenta e setenta foise abandonando o edificio. A casa de baños deixou de funcionar como tal para converterse nun almacén para gran e aparellos de pesca, e foi completamente abandonada sobre os anos setenta.

As obras de rehabilitación leváronse a cabo entre os anos 1990 e 1994, a mans do arquitecto D. Jesús Anaya Díaz, pero pouco despois da finalización destas, en novembro dese mesmo ano, unha riada destrúe parte do muíño e leva por diante unha das pontes, polo que tiveron que proseguir coas obras de reconstrución, que remataron no 1999.

Na actualidade ten a función de Centro Cívico e Cultural, dividido en dúas partes, por un lado pódese visitar o que foi o antigo muíño e por outro lado temos o edificio anexo, que ten a función de sala de exposicións temporais.

Visita a tres dos xacementos de arte rupestre ao aire libre, "Cova da Bruxa", "Laxe das Rodas" e "Naraio".

Os petroglifos coñecidos do noso concello están repartidos pola maioría das parroquias, con especial incidencia nas de Serres e Louro.

Ata o de agora interveuse en tres estacións de arte rupestre, en Cova da Bruxa (outubro 2006), Laxe das Rodas (setembro 2007), e Naraio I (setembro do 2008), investigacións levadas a cabo polo "Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste (GEPN)", Departamento de Historia I, Facultade de Historia, Universidade de Santiago de Compostela. Os obxectivos fundamentais deste tipo de proxectos son de carácter científico, social, cultural e educativo.

Os gravados rupestres ou petroglifos son manifestacións simbólicas das comunidades prehistóricas, e pódense considerar unha das manifestacións culturais máis interesantes da prehistoria galega.

O repertorio figurativo dos petroglifos muradáns inclúe tanto motivos xeométricos coma figurativo-naturalistas.

Con respecto aos motivos naturalistas, en Muros atopamos diversas representacións: cervos, un escena de equitación, a figura dun cánido, e a representación dunha figura humana.

Tamén se poden ver os frotados e os calcos das tres estacións rupestre en cuestión, depositados no muíño de mareas "Pozo do Cachón".

Aqueles interesados en saber un pouco máis acerca dos traballos realizados ata o momento, pode consultar a páxina web:

www.murosarqueoloxico.org.

Concello de Muros

CONCELLERÍA DE TURISMO

turismo@muros.es
http://www.muros.es

Pensión

A LEIRA. Boavista - Muros	981826021
A VIANDA. Avda de Castelao, 47 - Muros	981826322
ANTONIO. San Francisco - Louro	981762129
ARLI. San Francisco - Louro	981827801
FORMOSO. San Francisco - Louro	981827176
J. LAGO. Rúa da Saúde, 2 - Muros	981827503
MARBELLA. Boavista, 65 - Muros	981826233
P. FRANCISCANOS. C.Covento,21-Louro	981826148
PÉREZ. San Francisco - Louro	981762131
PLAIA ATLÁNTICA. San Francisco-Louro	981826451
PORTOCARRAL. Portocarral, 8-Louro	981826579
RÍA DE MUROS. Avda. Castelao, 53-Muros	981826056
SAHORTA. Rúa San Francisco, 16 - Louro	981826969
SOLYMAR. Rúa San Francisco - Louro	981826505

Hotel

A MURADANA. Avda. Castelao - Muros	981826885
PUNTA UHÍA. Punta Uía - Esteiro	981855005

Apartamentos

ABELLEIRA. Lugar de Priegue, 19-Abelleira	981826511
ANCORADOIRO. Ancoradoiro - Louro	981878896
MANUEL REY. Louro	981856238
MATILDE. Rúa Acea, 69 - Serres - Muros	981826305

Turismo Rural

JALLAMBAU RURAL. Miraflores,51-Muros	981826083

Cámping

ANCORADOIRO. Ancoradoiro, 6 - Muros	981878897
SAN FRANCISCO. C. Covento, 21- Louro	981826148
A VOUGA. Louro - Muros	981826115